



# I DUATLÓN ESCOLAR CONCELLO DE OUTES

28 DE ABRIL

## REGULAMENTO E RUTÓMETRO



### 1. NOME DA PROBA

- DUATLÓN ESCOLAR CONCELLO DE OUTES-  
PROBA NON COMPETITIVA

### 2. ORGANIZA

- ESCOLA PIRAGÜISMO E TRIATLÓN OUTES  
[escuelapiraguismooutes@gmail.com](mailto:escuelapiraguismooutes@gmail.com)  
636784489 – ALFONSO OREIRO GONZÁLEZ
- FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLON E  
PÉNTATLON MODERNO  
[fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com)

### 3. COLABORA

- SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA
- CONCELLO DE OUTES
- PROTECCIÓN CIVIL DE OUTES

### 4. PARTICIPANTES

#### PROBA NON COMPETITIVA

Poderán participar deportistas con 6 anos cumpridos, nados en 2018, 2017, 2016 e 2015 das categorías benxamín e prebenxamin (feminina, masculina) con licenza federativa en vigor na tempada 2024 ou que tramiten a licenza temporal de 1 día na FEGATRI .



**6. HORARIO:**

ACTO	LUGAR	HORA
RECOLLIDA DE DORSAIS	PISCINA DE OUTES	A partires das 09:00
REUNIÓN TÉCNICA	PISCINA DE OUTES	09:00
SAIDA ÚNICA	PARKING PISCINA	12:50
ÚLTIMA CHEGADA	PARKING PISCINA	13:00

**7. DISTANCIAS**

CATEGORÍAS	1ª CARREIRA	BICICLETA	2ª CARREIRA
PREB- BENX	200m (1 VOLTA)	1000m (1 VOLTA)	100m (1 VOLTA)

**8. ENTREGA DE TROFEOS:**

**ENTREGARASE 1 AGASALLO A CADA PARTICIPANTE TRAS A CHEGADA.**



## 9. ZONAS COMÚNS.

### PARKING RECOMENDADO E ZONAS COMUNS.

Recomendase o acceso polas Rúa da Capela ou Rúa Poeta Añón.








### CIRCUITO


#### 1ª Carreira a pé: 1 volta (200 m)



#### Bicicleta: 1 volta (1000m)



#### 2ª Carreira a pe: 1 volta (100m)





## 10. NORMAS DE COMPETICIÓN:

A carreira rexerase segundo o Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI e a FETRI.  
<https://fegatri.org/regulamento-deportivo/>

## 11. INSCRICIÓN:

Inscripción gratuíta. (Custe licenza temporal de 1 día para non federados menores 6,00€)

**Ata o martes 23 de abril de 2024.**

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org), no apartado Inscricións

### Clubs

Accederán a través do apartado competicións, picando en competicións/inscricións e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón “inscrición” e introducirase o código do club e a contrasinal.

### Deportistas con licenza de triatlón en vigor

A inscrición realizarase online, a través da web da Federación Galega de Triatlón [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org), no apartado competicións/inscricións. Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario. O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.

### Deportistas con licenza temporal de 1 día (non federados):

A inscrición realizarase online, a través da web da Federación Galega de Triatlón [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org), no apartado competicións/inscricións. Deberán introducir os datos persoais que figuran no formulario de deportistas con licenza temporal de 1 día. O abono da cota de licenza temporal farase con tarxeta bancaria a través de TPV. Cota licenza temporal 1 día 6,00€

## 12. Baixas e política de devolución

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Triatlón a través do correo electrónico [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com), antes do remate do prazo de inscrición para que non sexan penalizadas de acordo aos regulamentos FEGATRI. No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións. As baixas non comunicadas en tempo e forma serán penalizadas de acordo aos regulamentos FEGATRI vixentes.

## 13. Publicación de listas de inscritos

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).



#### **14. NORMAS DE COMPETICIÓN:**

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes e o Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI e a FETRI.

As nenas e nenos deberán identificarse con documento oficial con foto. Estarán permitidos os minifreos nas bicicletas, unha vez que se revise que a súa colocación non infrinxe a seguridade para deportistas e resto de participantes. A bicicleta de montaña está permitida pero os guiadores deberán ir correctamente tapoados. Non se poderán levar engadidos na bicicleta (cestas, patas de cabra,...)

A seguridade na vía pública será responsabilidade do corpo da Policía Local e Protección Civil, en coordinación coa organización da proba; no obstante todo participante respectará as normas de Circulación e Seguridade Viaria.

Os vehículos motorizados, bicicletas ou patinadores que non pertencen a organización non poderán transitar polos circuítos da proba. Aqueles que realicen o seguimento das probas, levarán unha identificación visible en todo momento. O feito de recibir axuda externa distinta da que aporta a organización ou facerse acompañar por algún vehículo, bicicleta, patinador ou corredor suporá a descualificación do participante.

#### **15. AMBULANCIA E MÉDICO:**

A ambulancia asistencial e o médico estarán situados no lateral da piscina municipal de Outes dirixíndose en caso de saída cara a estrada de Boel.

Calquera vehículo de emerxencia que precise utilizar o percorrido de ciclismo para circular poderá facelo indicando a súa posición mediante sinais luminosas e sonoras. En tódolos casos o vehículo terá preferencia sobre os deportistas, polo que estes lle deberán ceder o paso.

#### **16. SEGURO DE ACCIDENTE:**

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible no programa Xogade, [na páxina web](#). Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á póliza do seguro é aberto e os clubs e entidades escolares teñen acceso ás certificacións de accidente. Lembrar que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidentes deportivos XOGADE e seguir o mesmo.



**17. RECLAMACIÓN E APELACIÓN:**

Segundo o regulamento oficial de competición anexo FEGATRI.

**18. CIVISMO E RESPECTO:**

Os/as participantes a través dos seus responsables, aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométense honestamente a non anticiparse ao momento da saída e a cubrir tódolos tramos completos antes de cruzar a liña de meta. Así mesmo, manifestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes.

Comprométense tamén a tratalo material deportivo propio e alleo con respecto. No incumprimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización os/as xuíces e oficiais para que sexa motivo de amoestación de acordo ao regulamento deportivo. Incídese no respecto absoluto e a observancia das normas de circulación e de seguridade viaria, co fin de evitar situacións perigosas que carreen danos irreparables tanto para o deportista como para terceiros.

**19. NOTA:**

A organización resérvase o dereito de modificar, comunicándoo previamente a interesados/as, calquera aspecto do presente regulamento co único obxectivo de mellorar o desenvolvemento do mesmo en coordinación co Servizo de Deportes de A Coruña.